

*Que sean otros los que descendan al comadreo
de solar o a la disputa de taberna o de café.
A violencia política ó servizo da mobilización
contrarrevolucionaria durante a Segunda República¹*

JULIO PRADA RODRÍGUEZ

Universidade de Vigo

RESUMEN

En este artículo se estudia el fenómeno de la violencia política al servicio de la movilización contrarrevolucionaria durante la Segunda República. Se destacan los diversos proyectos de conquista del poder por parte de las elites conservadoras y el progresivo abandono del posibilismo a favor de las soluciones de carácter violento, así como las estrategias de control de la calle y de amplificación de la violencia para transmitir a la sociedad una imagen de caos y anarquía que justificase una solución de fuerza por parte del Ejército.

Palabras clave: Violencia política, movilización contrarrevolucionaria, Segunda República, Falange.

ABSTRACT

In this article we study the phenomenon of the political violence to the service of the counter-revolutionary mobilization during the Second Republic. Are underlined the diverse projects of conquest of the power on the part of the conservative elites and the bet for the solutions of violent character. Also we analyze the strategies of control of the street and of amplification of the violence. The objective of these strategies was to transmit to the society an image of chaos and anarchy that was justifying a solution of force of the Army.

Keywords: Political violence, counter-revolutionary mobilization, Second Republic, Falange.

1 Este artigo realizouse no marco do Proxecto de Investigación *Sociedad, Ideología y Poder Político en la Galicia contemporánea*, Ministerio de Ciencia y Tecnología (2003-2006), Ref. BHA2003-07243.

1. DÚAS ESTRATEXIAS PARA UN MESMO FIN: A CONQUISTA DO PODER

En 1935 Bautista J. Pérez de Cabo, un curioso personaxe ourensán que ingresara na ORGA cando a proclamación da República e máis tarde presentara a súa candidatura a Cortes polo «Partido Republicano Gallego Independiente», publicaba un libro, prologado por José Antonio Primo de Rivera, no que glosaba as excelencias do nacionalsindicalismo como única alternativa fronte á inminente revolución marxista e á ditadura do proletariado. Ó seu xuízo, «las masas de “metalúrgicos desconocidos” (...) van a invadir el continente de la política, como han invadido otros más nobles y menos ostensibles continentes (letras, ciencia, educación), y en su poder los resortes de mando precipitarán el cataclismo de la civilización europea, humana, española». Mais para evitalo, o que non se lle podía esixir ó grupo de «escolleitos» entre os que se incluía era que aceptasen a farsa do Parlamento, que descendesen «al comadreo de solar o a la disputa de taberna o de café (...) [pues] nosotros no podemos perder el tiempo en discusiones bizantinas con un sistema que es radicalmente falso, inauténtico, y que, además, se envilece todos los días con la hipocresía y el sofisma»; e engadía, con Donoso Cortés, que chegaría o día en que «las gentes, hartas de escuchar el pro y el contra de todas las cuestiones, se derramarán por las calles y plazas y volcarán en el polvo la cátedra de los sofismas»².

Pérez de Cabo formaría parte desa fracción das elites que, nun intre determinado da evolución política da Segunda República, decantouse por un enfoque «radical-consciente» á hora de interpretar o papel que debía xogar a violencia na estratexia de toma do poder. Para este sector, o uso da forza era unha manifestación da inelutabilidade da confrontación sociopolítica entre as clases sociais. A irrupción das masas en ámbitos tradicionalmente reservados ás clases reitoras anticipaba o seu asalto definitivo ós mecanismos de toma de decisión política sen reparar en formas nin en medios. Sorel explicáralo había tempo con meridiana claridade: a violencia, nun contexto caracterizado pola oposición irreductible entre as clases posuidoras e o proletariado, non só constituía unha reacción adecuada fronte á violencia institucionalizada practicada polos sectores sociais que controlaban os aparatos coercitivos do Estado; representaba tamén o punto de partida dun rearmamento ético e moral que tiña a súa plasmación na acción espontánea, heroica e creadora; unha forma de mobilización da vontade que constituía, para aquel, o único camiño posible de mudanza dunha sociedade cargada de dificultades e miserias³.

Por iso, sinalaba o ourensán, a mobilización defensiva contrarrevolucionaria non só era lícita senón necesaria para facer fronte á marea bolchevizante que ameazaba a Europa e, particularmente, a España. Os «políticos tradicionais», ó seu xuízo, erraban na súa análise porque non percibían en toda a súa intensidade a ameaza que contra a orde establecida supuña tal invasión; porque non alcanzaban que o que realmente estaba en xogo nesa loita sen cuartel era todo un xeito de entender a civilización. A diferenza doutras épocas,

2 B. J. Pérez de Cabo, *¡Arriba España!*, Madrid, Imp. Helénica, 1935, pp. 65, 34, 41-42.

3 G. Sorel, *Réflexions sur la violence*, Paris, Armand Collier, 1961 (ed. orixinal de 1908).

naquel particular «engagement» histórico, non se estaba diante dunha crise pasaxeira do sistema que acabaría por ser metabolizada no seu interior, senón dun desafío contra as mesmas bases de sustentación dunha cultura milenaria. Por iso, a dimensión da cruzada non era só española senón europea; mesmo, apuntaba, universal.

Estas reflexións de Pérez de Cabo son, loxicamente, inseparables dos acontecementos revolucionarios de outubro de 1934. Dezasete anos despois do «outubro vermello» ruso, noutro Estado da periferia europea, un novo «outubro» sacudira as aletargadas consciencias dunha burguesía incapaz de pechar a fonda crise de lexitimación aberta en 1917. Con todo, aqueles sucesos, máis ca alterar substancialmente a análise realizada por ese segmento das elites reitoras, confirmaron o atinado que resultaba; e, sobre todo, atraeron ó seu campo a unha parte dos que, ata entón, mantivéranse teimudos no rexeitamento do uso da violencia, confiados en que o Exército e as forzas da orde bastaban para conter ós insurrectos. Daquela, observaron, o Goberno fora quen de esmagar, non sen dificultades, ós «separatistas» cataláns e á «comuna» asturiana; mais, ¿tería acontecido o mesmo se os resortes do poder tivesen estado en mans da esquerda, mesmo a republicana, ou se o grao de infiltración «comunista» na tropa acadase outras proporcións?

Desta constatación –o papel capital do Exército como garante da unidade patria e dos seus privilexios– e da natureza das respostas dadas ás cuestións abertas xurdiron dúas liñas de acción, superpostas e complementarias a un tempo. Por unha banda, a necesidade de contar con grupos armados que respondesen coa violencia na rúa á violencia das masas, creasen un estado de opinión favorable ó seu uso e constituísen unha forza de choque autónoma que fose quen de frear a onda revolucionaria ou, cando menos, colaborar a elo. Por outra, unha progresiva «dérive» autoritaria, a definitiva asunción da teoría da necesidade dunha «contrarrevolución preventiva» e a cesión do protagonismo político ó Exército, a «columna vertebral da Patria», segundo o cualificaba o manifesto fundacional do Bloque Nacional, de xeito nada casual dado a coñecer dous meses despois do estoupido revolucionario. Algo que, obviamente, evidenciaba a desconfianza que tiñan nas súas forzas e nos seus apoios directos; que implicaba asumir, explicitamente, a propia incapacidade para impoñer o seu particular proxecto de dominación, xa fose por medio das urnas ou a través dunha violencia controlada e subordinada. Na conxuntura resultante desta «acción salvadora», este sector da elite conservaría unha destacada influencia grazas a súa penetración no seo das Forzas Armadas.

Pero, como en tantos outros aspectos, tamén as elites reitoras se atopaban divididas no tocante ó papel reservado á violencia e ó uso da forza para a defensa dos seus intereses. De feito, un influente sector articulado arredor da Igrexa e o catolicismo social optara por unha estratexia que, ata certo punto, poderíamos denominar de «inxenuidade calculada». Para os seus representantes, boa parte da violencia das esquerdas tiña un carácter nidiamente «asocial». Non se entendía como un medio de loita política ou social produto das marcadas desigualdades existentes, senón como un comportamento imputable a individuos enfermos ou perversos que perturbaban os xustos intereses do conxunto da comunidade; prácticas que subvertían unha ordenación biolóxico-moral comunmente aceptada,

agora atacada por un virus estraño baixo a forma do materialismo marxista. Unicamente dende esta perspectiva poden interpretarse, como fai o prelado ourensán Florencio Cerviño, os «excesos» de outubro de 1934 como o resultado do progresivo afastamento das masas da doutrina católica, consecuencia última dunha Constitución laica que consagra a separación entre a Igrexa e o Estado⁴.

Este sector rexeitaba explicitamente a violencia como instrumento de transformación social e tamén como mecanismo de defensa fronte ós ataques dos que a Igrexa e os seus acólitos dicían ser obxecto: «Jamás la Fe católica ha sido revolucionaria», dirá Cerviño; «nuestro triunfo (...) habrá de conseguirse más bien en dejarse matar, que en querer imponerse por las armas; aunque condenando siempre, claro está, todo lo que sea pecado, violencia e injusticia (...). (...) la única garantía para la misma prosperidad material del obrero está en la fé (sic) católica, en el amor cristiano, en el trabajo que mira al cielo para evitar todo vicio y prevenir toda desgracia, y aun las necesidades de la familia, para que jamás la miseria turbe en ella la paz, que es bien supremo»⁵. É dicir, para resolver a «cuestión obreira», só cabía afondar nas clásicas propostas do catolicismo social. Con isto desaparecería a violencia de clase, pois ó cabo non era outra cousa que o produto dunha frustración introspectiva que non existiría se a produción estivese organizada de acordo coas ensinanzas da Igrexa; o resultado dunha deficiente identificación dos sectores sociais máis dinámicos cunhas normas de conduta que ata entón eran consideradas como as únicas morais.

As formas de comportamento violento reflectían un modo de actuar certamente heterodoxo, unha conduta desviada que puña en evidencia o fracaso no proceso de socialización duns valores percibidos como esenciais. Era como se se tivesen invertido as normas da moralidade inconsciente; como se a simple imaxe da realización de actos que se consideraban prohibidos non provocase xa unha reacción autónoma incondicionada que bloquease a súa concreción. Como se, en definitiva, o acto violento fose agora o medio natural para o acceso a certo tipo de bens, tanto materiais como inmateriais, en lugar das vías comunmente aceptadas. Protagonistas e accións eran frecuentemente representados por medio de imaxes alegóricas cargadas de referencias simbólicas de carácter irracional. E outro tanto acontecía no que á explicación dos feitos se refería: a intervención de Satán, da Anti-Patria, da vontade divina, son elementos sempre presentes neste sector cando se analiza a violencia da esquerda. Os actores non actúan movidos por impulsos de racionalidade, senón que o fan pola mera satisfacción duns instintos que os aproximan máis ós animais, a esas *feras* que non teñen máis programa que o da destrución dos valados que protexen á sociedade da súa acción destrutora. Non son seres humanos e, por tanto, deben ser excluídos política e moralmente do *corpus* social, desterrados de todo aquilo que é propio dos homes.

4 Vid. a Carta Pastoral reproducida no *Boletín Oficial Eclesiástico del Obispado de Orense (BOEOO)*, 20-III-1935, pp. 52-53.

5 *Ibidem*, pp. 63-64 e 66-67.

A vitoria electoral da CEDA, en novembro de 1933, parecera certificar as bondades desta estratexia malia a súa exclusión inicial do Goberno. Mesmo os impulsos máis radicais da súa organización xuvenil, as «Juventudes de Acción Popular» (JAP) puideron ser relativamente contidos no medio da resaca triunfal. O máximo responsable da sección ourensá, por exemplo, non tiña dificultade algunha para acomodar o seu discurso ó dos seus maiores, e así amosaba inequivocamente a súa confianza no réxime parlamentario e rexeitaba con rotundidade a violencia que propugnaban as formacións máis radicais de esquerda e dereita; o fundamental, argumentaba, era continuar coa atracción de amplas masas da poboación que, pola forza dos votos, asegurasen a vitoria electoral sen internarse por escuros vieiros de difícil tránsito e dubidoso resultado. Ben é certo que a extracción social do seu auditorio non era precisamente a que máis se conciliaba co emprego de modos e formas que, mesmo cando eran utilizadas por outros sectores do seu mesmo espectro político, consideraban máis propias de xentes de baixa extracción social, de profesionais da disputa tabernaria e da liorta de baixos fondos⁶. Sen dúbida unha notable contradición para quen proclamaba a exterminación do inimigo e agardaba, quizais, que outros fixesen o traballo sucio.

Mais a imposibilidade de Gil Robles de facerse coa presidencia do banco azul e o impacto da revolución de outubro de 1934 axiña porán en evidencia os límites desta estratexia. Os máis confiados, que frecuentemente coincidían cos que aspiraban a capitalizar en beneficio propio os réditos electorais da vitoriosa CEDA, aínda crían nas bondades do accidentalismo posibilista. Por contra, as bases, especialmente os sectores mozos, estábanse a afastar progresivamente do catolicismo social ó que acusaban de promover unha táctica entreguista e suicida. A radicalización dalgún dos seus máximos expoñentes e o desembarco noutras formacións afíns máis radicais, fundamentalmente o Requeté carlista e Falanxe, constitúen dúas das manifestacións máis evidentes deste descontento que camióna paralelo á guerra desatada polo control da rúa.

2. A LOITA POLO CONTROL DA RÚA

Cando, en plena campaña electoral, o responsable da Falanxe ourensá, Fernando Meleiro, acudiu a negociar co xefe provincial da CEDA o número de postos que a coalición antirrevolucionaria estaba disposta a ceder á súa formación, non empregou argumentos de carácter político ou ideolóxico para apoiar as súas pretensións. Como el mesmo recoñecía, «No teníamos muchos votos (...). No era esa nuestra especialidad. (...). Pero

6 Vid. «Jerarquía. Doble política de selección y de masa» [Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense (BDPO), Fondo Pérez Ávila]. Documento manuscrito redactado por Pérez Ávila para a I Asemblea Rexional das JAP de Galicia, sucesivamente aprazada dende principios do mes de setembro de 1934. Sobre as «Juventudes de Acción Popular Agraria» (JAPA), cfr. X. Prada Rodríguez, *A dereita política ourensá: monárquicos, católicos e fascistas (1934-1937)*, Vigo, Servizo de Publicacións da Universidade, 2005.

contábamos con algo que valía, si no más que los votos, al menos tanto como ellos, y era el fervor de la juventud organizada, el prestigio de la victoria constante sobre los marxistas: la calle, en una palabra, que era nuestra; la violencia organizada con la seguridad de que se escuchase nuestra propaganda y no la contraria (...)»⁷. Este párrafo condensa con precisión dúas das características esenciais da política dos anos trinta: a mobilización das xuventudes e os novos medios e modos de «facer política» a través do control do espazo, a imposición sobre os outros e a tendencia a transferir a ámbitos diferentes ó electoral a loita polo poder.

A ocupación simbólica do espazo público e o seu dominio efectivo constituían, en efecto, unha das preocupacións esenciais destes grupos. A consigna unanimemente compartida era a de «tomar a rúa», a de «ganar para os seus» o dereito a facerse notar nas vidas dos cidadáns das máis variadas formas. O exercicio da política naquelas coordenadas sociohistóricas era, sobre todo, unha cuestión de «territorio», de dominación do espazo. Acudamos de novo ó observatorio ourensán para profundar na secuencia que conduce dende os tempos da clandestinidade á situación descrita por Meleiro. Outra volta outubro de 1934 é un referente ineludible. Antes desta data, a Falanxe ourensá atopábase na etapa das catacumbas: apenas algúns pequenos núcleos organizados na capital, en contadas cabeceiras de comarca e nalgunha aldea que permanecían semiagochados e sen sequera recoñecemento legal; e, o que aínda resultaba máis significativo, sen capacidade para trasladar á rúa a súa «dialéctica dos puños e as pistolas».

Daquela todo muda, particularmente o relativo ó seu potencial de proxección social. O primeiro acto violento documentado no que os falanxistas da capital actúan en grupo cunha estratexia de acción planificada prodúcese a principios de xaneiro do ano seguinte, cando unha escuadra asaltou o centro galeguista da rúa de Alba, desaloxou o local, produciu grandes estragos e levou a bandeira como trofeo ó local da organización. Daquela, mesmo antes da súa «presentación en sociedade», quedou aberta oficialmente unha batalla na cal, fronte a opinión duns poucos para os que había que «andar a estacazos con todo el mundo», o xefe provincial impuxo o seu criterio de enfrontarse ós máis fortes –os socialistas– para evitar que todos se aliasen contra os falanxistas⁸.

Case simultaneamente a Falanxe ourensá acadaba o seu recoñecemento legal coa presentación dos seus estatutos no Goberno Civil, dous días despois do importante golpe de efecto preparado para darse a coñecer diante da poboación o xoves 3 de xaneiro de 1935. A ocasión veu propiciada pola organización dun desfile militar destinado a conmemorar a actuación do batallón de gornición na praza na represión dos sucesos revolucionarios de Asturias. Atopámonos aquí cun dos exemplos máis elaborados da loita por ocupar o espazo simbólico que representaba a rúa, da táctica para facerse presentes na conciencia dos ourensáns ó aproveitar unha aglomeración de xente que se prevía masiva. Os falanxistas, que xa contaban con que a esquerda faría o posible para deslucir o acto,

7 F. Meleiro, *Anecdotario de la Falange de Orense*, Madrid, Ediciones del Movimiento, 1957, p. 143.

8 *Ibidem*, p. 35.

distribuíronse entre os curiosos e berraron con tanta forza como eran capaces os consabidos «¡Arriba España!», para concentrarse seguidamente ó pé da tribuna de autoridades, situada fronte ó Banco de España. Cando as tropas desfilaban por ese punto realizaron o característico saúdo fascista, que se veu respondido por un obreiro que ergueu o puño. Nese intre varios falanxistas caeron sobre el coas súas porras ocasionando un pequeno tumulto; varios deles foron levados a presenza do comandante militar, Luis Soto, quen os arrestou durante 24 horas nos seus domicilios, malia que non se mostrou especialmente descontento coa súa actitude.

Daquela é cando unha porción da elite conservadora local empeza a telos en conta e mesmo comeza a contribuír, con grandes reticencias, ó seu sostemento económico: son os «camaradas do ficheiro reservado», a inmensa maioría deles vinculados ó poderoso calvosotelismo local. Tamén a intensidade das accións medra exponencialmente de xeito paralelo ó incremento da militancia e dos cambios no seu organigrama interno: operacións de limpeza levadas a cabo por escuadras organizadas nas tabernas e lugares de reunión máis frecuentados por esquerdistas; cruce de disparos entre grupos nos lugares máis céntricos da capital; presións ós veciños que se opuña á apertura da nova sede de Falanxe por crer que isto só traería consigo un incremento da violencia; amplificación da súa presenza na rúa mediante o recurso de situar a grupos de afiliados en lugares moi concorridos que saudaban, brazo en alto, ás xerarquías cando aparecían á hora acordada para transmitir unha imaxe de disciplina e organización; intento de boicotear as celebracións de contido republicano en conivencia cos tradicionalistas, primeiras concentracións paramilitares nun monte próximo á cidade, etc. Paralelamente, un antigo responsable do Requeté tradicionalista, Inocencio Castelao, accede á xefatura da primeira liña coa misión de completar a súa primeira centuria. Os mozos que a integran axiña chamarán a atención desa fracción conservadora que os financia e lles proporciona empregos, sempre predisposta a convertelos no seu particular exército de choque.

Tampouco os sectores católicos permanecen indiferentes. A súa prensa permite pulsar como eran percibidas as accións violentas dos falanxistas cara mediados de abril de 1935. Co gallo dos enfrontamentos habidos durante os actos de conmemoración do cuarto aniversario da proclamación da República, que culminaron cun intenso tiroteo na rúa de Fermín Galán (actual segundo tramo do Paseo) e coa Garda Civil patrullando as rúas da cidade e practicando numerosos rexistros, *La Región* amosaba a súa preocupación pola posibilidade de que a rúa se convertese nun campo de batalla onde ambos bandos, «a la vista de nuevos encuentros y más enconados choques», diriman as súas diferenzas. Malia que o editorialista, en consonancia co antes apuntado, repudia o emprego da violencia e non se cansa de repetir os moitos elementos que os separan dos fascistas, non desaproveita ocasión para contraponer a valentía destes fronte á covardía dos seus opoñentes, así como a indisimulada satisfacción que lle producía o seu españolismo fronte a «toda esa hez antiespañola». Pero aínda máis interesante que o discurso, é a evidencia de que a estratexia falanxista comezaba a dar os seus primeiros froitos. Agora xa se percibe claramente que o que estaba en xogo era a conquista da rúa e, sobre todo, comezaba a

cuestionarse a capacidade das autoridades para conxurar estes enfrontamentos e castigar ós seus responsables: «Nada de esto podría pasar si hubiese autoridad, toda la autoridad que se necesita, y que es la verdadera libertad de todos, y que no habiendo, no pocos se creen que hay que ganársela por la fuerza y a tiros, como sea (...)»⁹. Moito máis matizada é a posición do xornal calvosotelista *Galicia*, que cualifica ós falanxistas de «elementos que constituyen la salvaguarda de los intereses sagrados de la patria», pero considera que os incidentes son merecedores dunha «censura limitada»¹⁰.

Tras o remate do verán, e malia a perda de gran parte do, daquela, pequeno arsenal co que contaba a organización fascista, os incidentes foron en aumento non só na capital senón tamén en comarcas como O Ribeiro e O Carballiño. Mesmo os máis mozos da organización querían sumarse á espiral violenta. O 21 de xaneiro de 1936, co gallo da folga de 24 horas convocada a nivel estatal polo SEU en protesta «contra los separatistas catalanes [que tratan de conseguir la autonomía de la Universidad de Barcelona] y contra los profesores madrileños que amenazaron con su pistola a nuestros compañeros que no cometieron otro delito que el de amar intensamente a su Patria»¹¹, os seuístas golpearon brutalmente coas súas porras ó director do Instituto e presidente da Deputación José Rodríguez Bouzo por non secundar o paro; tamén fixeron explotar varios petardos e cruzaron disparos antes de se dirixiren á Escola Normal de Maxisterio a continuar coa protesta¹². Como resultado deste suceso foron detidos cinco mozos falanxistas que contaban entre 17 e 20 anos, aínda que foron postos en liberdade antes das 48 horas do seu ingreso na prisión despois de ingresar 250 ptas. de multa cada un¹³.

Mais, ¿ata que punto é real este control da rúa e, sobre todo, a que obedece? Non se nos pode ocultar que durante boa parte do ano 1935 a esquerda ourensá perdeu moito do protagonismo acadado durante o primeiro bienio. As razóns son moitas e complexas (divisións internas, ruptura da coalición republicano-socialista, perda de parte das ilusións espertadas en abril de 1931, agravamento da crise económica e, particularmente do paro, fortalecemento das forzas dereitistas, etc.), pero no que aquí nos interesa non podemos esquecer dous aspectos. O primeiro ten que ver coa persecución desatada polas diferentes instancias represivas do Estado: logo do levantamento do estado de guerra e dos xa aludidos enfrontamentos que se produciron co gallo da celebración do 14 de abril, as organizacións obreiras creron ver chegada a oportunidade para se facer sentir na rúa, para se apropiar do escenario sequera por unhas horas durante a festividade do Traballo; a escasa asistencia ós actos programados e o fracaso da convocatoria puxeron en evidencia, sen embargo, o fondo calado que a derrota dos revolucionarios asturianos tivera nas bases e as consecuencias da represión (peche de sociedades, despedimento de significados militan-

9 «Los sucesos de estos días», *La Región*, 16-IV-1935; o editorial sería reproducido dous días despois en *Arriba*.

10 *Galicia*, 17-IV-1935.

11 Panfleto colocado no Instituto de Ourense que convocaba á folga ós estudantes (Arquivo da familia Encinas-Diégo).

12 *La Zarpa*, 22-I-1936.

13 AHPOU, Fondo Prisión Provincial, libro 10.360.

tes, diminución da súa influencia na xestión de empregos, máis dificultades para editar a súa prensa, intensificación da presenza das forzas da orde, etc.). Dito doutro xeito, na fase na que nos atopamos, os falanxistas podían presumir do seu control da rúa –en todo caso moi relativo– non tanto pola fortaleza dos seus recursos senón porque os escasos efectivos con que contaban as organizacións de clase que non rexeitaban o recurso á violencia para a imposición das súas teses non eran suficientes para operar a un tempo nunha dobre fronte: o combate contra aqueles e, sobre todo, contra a armazón represivo-institucional dun Estado controlado polo que elas denominaban «as forzas da reacción».

O segundo está relacionado coas particularidades do espazo no que operan. Nas grandes cidades do Estado, os enfrontamentos, por moi repetidos, encarnizados e asañados que resultasen, era moi difícil que se traducisen na consolidación permanente de áreas de dominio que resultasen inatacables. Nas pequenas cidades e vilas, controlar a rúa equivale a dominar unha ou dúas áreas urbanas clave que, pola escasa dimensión do tecido urbano, transmiten unha sensación de dominio case absoluto que é a que se impón sobre a cidadanía. E neste punto, non cabe dúbida que os falanxistas actuaron cunha estratexia moito máis definida, planificada e exitosa que os seus rivais segundo tivemos ocasión de comprobar.

Nada do apuntado con relación ó recurso á violencia cunha intención claramente desestabilizadora é, con todo, comparable co que acontecerá a partir das eleccións de febreiro de 1936. Pouco despois de coñecerse os resultados dos comicios produciuse un intento de asalto ó local da organización por dúas de esquerdistas que obrigou a falanxistas de Maside a desprazarse á capital; a intervención do gobernador civil conseguiría, finalmente, calmar os ánimos, pero os incidentes non tardarían en reproducirse. O venres 21 foron ingresados no cárcere cando menos tres falanxistas, postos a disposición do xuíz de instrución por tenencia ilícita de armas: Vicente Ucha Gómez, Pedro González Vázquez e Emilio Iglesias Rúas; ningún deles cumprira aínda os vinte anos. A xornada seguinte marcou o inicio dunha nova espiral violenta: a últimas horas da noite resultaban levemente feridos o comunista Ramón Lafuente e o mestre Agapito Martínez Rodríguez, este último «contusionado por varios jóvenes de distinta ideología política». Nun baile de máscaras uns mozos cruzáronse varios disparos, polo cal a autoridade gubernativa decretou a suspensión dos actos que se estaban a celebrar no Teatro Losada, a Unión Artística, o Círculo Recreativo e o Orfeón, e outro tanto fixo a directiva do Liceo, neste caso por falta de asistencia dos socios como consecuencia do clima de tensión reinante.

O domingo pola tarde o electricista Eduardo Rego Álvarez, un dos fixos en gran parte dos incidentes suscitados na capital, foi ferido de bala nunha man; segundo declaracións de varias testemuñas os disparos partiron do centro de Acción Popular na rúa de Paz Nóvoa, polo que a Policía practicou varias detencións, entre elas a de Lutgardo Iglesias Fernández, Manuel Cao Rodríguez e Cecilio Rodríguez Porto (os dous últimos menores de idade). Os incidentes entre mozos de diferente militancia continuarían nas horas seguintes. Na Praza do Trigo tres esquerdistas causaban feridas graves cun coitelo a Amadeo Bouza Crespo –aínda que a nota do Goberno Civil consideraba este incidente «ajeno

en absoluto a cuestiones políticas»– e, xa ben entrada a madrugada, no Bar Lago, varios mozos de filiación dereitista foron novamente agredidos e dous deles precisaron atención médica. Por se algunha dúbida existía da confluencia que tras das eleccións se está a producir entre mozos do amplo espectro das dereitas ourensás, velaquí a falanxistas, japistas e afiliados a AP que combaten como un só home a socialistas e comunistas nas rúas¹⁴. O gobernador civil interino e presidente local de IR, Fructuoso Manrique, aproveitou estes enfrontamentos para ordenar a clausura do local de Falanxe e o «cambio de residencia» dos seus elementos directivos, segundo rezaba a nota oficiosa reproducida polos xornais.

Os informes remitidos a Madrid polo novo gobernador civil, Agustín Carrascosa, interesado en minimizar a súa intensidade, destilaban un optimismo que non se correspondía coa realidade: despois de insistir en que as medidas adoptadas comezaban a surtir o seu efecto, engadía que «la sensatez de los elementos socialistas y comunistas y el carácter francamente bonachón de los habitantes de esta provincia gallega hacen desaparecer el peligro de alteraciones de orden público»¹⁵. A lóxica indicaba que, cunhas esquerdas crecidas pola vitoria nas urnas e co partido ilegalizado, os falanxistas diminuírían os seus actos de provocación. Mais aconteceu xusto ó contrario e a súa estratexia violenta non fixo máis que medrar nos meses que anteceden ó levantamento militar con nada menos que seis asasinatos políticos documentados entre maio e xullo de 1936, cinco deles cometidos polos seguidores de José Antonio noutros tantos militantes esquerdistas, e un rosario inenarrable de incidentes nos que a famosa «dialéctica» saíu a relucir.

A contradición entre esta teórica debilidade e o incremento das súas accións na rúa é só aparente. Foi precisamente a desfeita electoral o que fixo naufragar as ilusións de toma pacífica do poder da dereita conservadora e isto abriu a porta a outras solucións que permaneceran na recámara. O falanxismo, ata entón desdeñado por amplos sectores do conservadorismo, comezou a ser tido en conta por parte dos mesmos que vían nel a reacción de xentes de clase baixa, impropia de elementos da súa dignidade e, sobre todo, a molestos compañeiros de viaxe. Cando os posibilistas e os que non o eran tanto soñaban con moreas de deputados –os famosos «trescentos», que nin sequera figuraban como candidatos– o radicalismo falanxista estorbaba máis que axudaba na tarefa de conquistar o Estado por métodos pacíficos, pero cando se consuma o fracaso o enfoque muda radicalmente. A maiores, a derrota dos seus correligionarios franceses situou a moitos diante da perspectiva dunha revolución mundial por vía pacífica. Daquela é cando os cartos comezan a afluír coa xenerosidade que ata entón se lles negara. Meleiro explica que foron as manifestacións de republicanos e esquerdistas que se sucederon logo da súa vitoria nas

14 Segundo *La Región* (25-II-1936), entre os feridos figuraban o xa citado Lutgardo Iglesias –do que nos consta a súa entrada no cárcere o día 24, así como a súa militancia en AP e o seu posterior ingreso, cando menos «de facto», en Falanxe, o que exemplifica o característico fenómeno da dobre militancia nos meses anteriores á guerra civil, en parte forzada pola ilegalización da organización fascista–, Luis Losada Figueira, José Mosquera Muñoz, Pedro Fidalgo Rodríguez, Eugenio Vázquez Rodríguez e Rosendo Otero Lodeiro, todos eles das JAP. Nada menos que 14 mozos foron detidos e a eles seguirían outros nove procedentes de concellos próximos á capital.

15 Archivo Histórico Nacional-Sección Guerra Civil (AHN-Secc. G.C.), P.S.-Madrid 1536.

eleccións as que fixeron que diversos personaxes representativos da dereita local os visitasen ofrecéndolles diñeiro e outras “aportaciones diversas para mantener en pie de guerra a todos los falangistas de la provincia. Cuanto más ruidosas eran las manifestaciones callejeras de energúmenos, más aumentaba el cariño que por nosotros sintieron siempre los señores de derechas”¹⁶.

Sen dúbida esta violencia tiña moito de matonismo e chulería xuvenil, e dela participaron dende os desclasados que carecían de medios de fortuna ata algún fillo de familia acomodada. Os primeiros buscaban sentirse «alguén» cun uniforme e unha pistola e, con frecuencia, procuraban un soldo que lles permitise subsistir, ben porque non atopaban traballo ou ben porque o seu espírito lle impedía procuralo cos arrestos necesarios. Os contados señoritos facíano atraídos, moitas veces, pola estética dos tempos, polo «moderno»; e, sobre todo, pola crenza de que así defendían mellor os seus privilexios persoais e familiares, a piques de naufragaren na marea revolucionaria que sacudía o país fronte ás actitudes condescendentes e de retraemento que coidaban observar nos seus maiores¹⁷. Pero isto non nos debe facer perder a perspectiva de por onde cómpre enfocar a cuestión: como comprobamos no caso de Ourense, a violencia falanxista desatada a partir de febreiro está consentida, alentada e financiada polos mesmos que despois denuncian no Parlamento a desorde que se apodera de todo o Estado¹⁸. Ben é certo que o seu exercicio podía responder, en certas ocasións e para algúns individuos, máis a un empeño puramente badoco que a unha verdadeira dinámica de actuación política, situación que, polo demais, era común a outras formacións antisistema do espectro contrario. Máis, como sinala E. Ucelay, fronte a ese compoñente impulsivo cada vez se fai máis evidente que gran parte das presións armadas de diferente signo «tiveron moito de calculado, ata de planeado, sen que isto signifique que nin os autores materiais fosen sempre conscientes do deseño reitor das súas accións –eles podían ser «espontáneos» en extremo–, nin que os proxectos construídos sobre as devanditas accións fosen exitosos, senón tan só factibles»¹⁹.

16 F. Meleiro, F., *Anecdotario...*, op. cit., pp. 147, 166-167.

17 Vid. a clásica descrición de J. C. Mainer cando alude a como estes mozos que viviron a proclamación da República se atoparon constringidos entre unhas dereitas anquilosadas e unhas esquerdas que consideraban «antinacionais» e reaccionaron contra o modelo encarnado polos seus pais, de vella militancia maurista e upetista; daquela sentíronse atraídos polo culto á violencia nun contexto en que a crise económica e a crecente belixerancia do proletariado ameazaban a supervivencia dos seus privilexios sociais e dos valores de familia, relixión, orde e patria que os sustentaban (*Falange y literatura. Antología*, Barcelona, Labor, 1971, pp. 14-15).

18 Vid. X. Prada Rodríguez, *Violencia política, protesta social e orde pública no Ourense republicano* (en prensa). P. Preston considera que a inestabilidade política foi o resultado dun deliberado programa de desestabilización auspiciado por terratenentes e empresarios industriais ameazados polas reformas unha vez fracasada a táctica de bloquear a reforma sen saírse da legalidade republicana patrocinada pola CEDA; nesta liña os líderes de RE transferiron fondos á Falanxe para financiar o devandito programa (vid. P. Preston, *La política de la venganza. El fascismo y el militarismo en la España del siglo XX*, Barcelona, Península, 1997, pp. 31 e 52).

19 E. Ucelay-da Cal, «Buscando el levantamiento plebiscitario: insurreccionalismo y elecciones», en S. Juliá (ed.), *Política en la Segunda República, Ayer*, 20, 1995, p. 50; vid., asemade, E. Ucelay-da Cal e S. Tavera García, «Una revolución dentro de otra: la lógica insurreccional en la política española», en J. Aróstegui (ed.), *Violencia y política en España, Ayer*, 13, 1994, pp. 115-146.

3. A AMPLIFICACIÓN DA VIOLENCIA

A clave do éxito do espectro político contrarrevolucionario no relativo á instrumentalización da violencia non estivo só na súa adopción como un mecanismo para disputar o control da rúa ós seus rivais segundo comprobamos nas páxinas precedentes. Tan importante, ou se cadra máis, para os seus intereses foi a estratexia de amplificación das desordes provocadas pola esquerda revolucionaria, a presentación da practicada polos seus afíns como unha reacción puramente defensiva fronte ós excesos daquela e a atribución, por acción ou omisión máis ou menos consciente, ó Goberno, controlado por republicanos de esquerda non marxista, da principal responsabilidade do estado de cousas que desemboca na sublevación militar de xullo de 1936.

Nesta liña preténdese amosar a omnipresencia da violencia a nivel espacial: non se trata só de pequenas illas onde grupos de incontrolados se impuxesen sobre os pacíficos cidadáns defensores da orde e a paz social. Eran as cidades, as vilas, as aldeas, mesmo os lugares máis afastados os que estaban ameazados pola anarquía. Os xornais, os panfletos, os folletos e, sobre todo, os rumores, que circulaban cunha rapidez sorprendente, contribuían a comprimir aínda máis un espazo frecuentemente manipulado e distorsionado. Nunca se insistirá suficientemente no papel esencial dos díxome-díxome ó servizo dunha estratexia política, primeiro para facer deslucir os actos dos contrarios e máis adiante para creación dun clima favorable a unha solución de forza. Así, a esquerda fixo circular o rumor de que estaban dispostos a facer vivir á cidade unha xornada de loito; que tomarían nota dos que se significasen nos actos de homenaxe ó Exército organizados na cidade co gallo da represión en Asturias para adoptar seguidamente as represalias oportunas. Os falanxistas responderon con que, a noite anterior ós actos, centos de policía e gardas civís de paisano apoiados por falanxistas madrileños especializados en tarefas de «limpeza» caerían sobre Ourense para dar boa conta dos marxistas e o mesmo día da celebración fixeron ver que a maioría dos seus dirixentes foran detidos²⁰. Máis adiante falarase de listas negras nas que os marxistas incluían a centenas de «persoas de orde» que ían ser inmediatamente pasadas polas armas no intre en que se concretase a toma revolucionaria do poder. Algúns afirman ter visto moreas de homes armados nos montes que rodean á capital á espera dunha orde para caer sobre ela; e outro tanto acontece en diferentes vilas da provincia. A xente comeza a crer en depósitos de armas ficticios que se buscan por diversos lugares dos arrabaldes da capital. Contados incendios de templos –que na maioría dos casos non pasan de pequenos lumes nas portas ou nos altares– confirman a persecución que denuncia a Igrexa dende a proclamación da República.

Cada folga, cada manifestación, cada acto de protesta era percibido como unha ameaza intolerable para os sectores de orde. Nunha carta remitida dende Ribadavia a Calvo Sotelo, Cesáreo Giráldez falaba do imperio do «terror» no que se desenvolveu a convocatoria de folga de 72 horas realizada pola Casa do Pobo en protesta polos asasi-

²⁰ F. Meleiro, *Anecdotario...*, op. cit., p. 38.

natos do 7 e o 8 de xullo e daba conta dunhas 300 persoas que se manifestaran «(...) a la fuerza, pues de no hacerlo las sociedades comunistas que han formado en los pueblos les echaban multa (...). Esto ya no es posible tolerarlo, y de seguir así cualquier día sobrevendrá una hecatombe, por cuanto ya no se puede soportar tanta injuria. (...)Ya esto no es posible tolerarlo, y si no se trata de poner coto a esto, cualquier día Ribadavia va a dar una nota, en la que ha de correr mucha sangre»²¹. *La Región*, certificando o impacto que sobre a poboación tiñan estes sucesos e realizando a súa particular contribución á mesma estratexia, sentenciaba:

«Llegan noticias de sucesos en Ribadavia, de numerosas detenciones. También se dice que ocurre algo en la Rúa. Sobre Verín está anunciada una irrupción de los obreros del ferrocarril de Laza y La Gudiña. Los rumores alarmantes no se confirman luego, quedando reducidos a un levisimo intento subversivo, sin consecuencia alguna. También vienen rumores de La Rúa un tanto temerosos, pero sin nada grave al fin. Por ahí adelante se cree que Orense está ardiendo o poco menos. Aquí creemos también que en algunos puntos de la provincia la anarquía impera. Afortunadamente son fantasías; pero ello es señalado síntoma de como se encuentran los ánimos y de cómo está la situación. (...) ¿Dónde está aquel Orense ejemplar, aquella ciudad nuestra quieta y riente, aquellos nuestros pueblos donde todos se conocían y querían? Nos están deshaciéndolo vilmente. Vivimos en un estado de anarquía que nadie debiera tolerar (...). Porque así no es posible vivir, porque todo esto es absurdo, estúpido, criminal»²².

Por conseguinte, é un tipo de violencia moi concreto o que interesa amplificar. O que se denuncia é a violencia provocada por unha República na que reina o desgobierno e na que xa non se respectan nin os máis sagrados principios da propiedade, o culto ou o respecto ós señores naturais. Novamente *La Región* denuncia no seu número do 5 de xullo as arbitrariedades cometidas por unha serie de bandas de extremistas e engade que a censura non lles permitiría detallalas polo miúdo; aínda así manifesta que «ha habido incautaciones e invasiones de propiedades, y hay vejaciones y amenazas para cuantos se resisten al terrorismo implantado por no más de ciento desarrapados de la peor catadura». Nin que dicir ten que se estes rumores alcanzaron unha difusión tan masiva foi porque atoparon o caldo de cultivo axeitado para o seu contaxio. As situacións de inestabilidade permanente, de incerteza e de inseguridade colectiva en intres de aceleración das transformacións sociopolíticas, unidas ás escasas posibilidades de acceso ós medios de comunicación, particularmente nas aldeas, foron as mellores aliadas para a propagación dos rumores. Non esquezamos, ademais, que o enorme peso da cultura de tradición oral en toda Galicia e a habilidade dos propagandistas para incidir nunha serie de elementos recorrentes de ampla tradición contribuíron con forza á socialización dunha imaxe de desorde que viña a quebrar un espazo caracterizado pola ausencia de convulsións.

21 AHN-Secc. G.C., P.S.-Madrid, 2412.

22 *La Región*, 13-VI-1936, p. 1.

Como complemento desta omnipresencia espacial transmíttese unha imaxe da violencia que pon de manifesto a súa concentración nunhas coordenadas temporais concretas: o 14 de abril de 1931 marca o principio dun tempo no que a vasilla de Pandora abriuse para estender o caos e culminar o labor de destrución da nación española emprendido polos liberais decimonónicos. A formación da Fronte Popular representa a mellor expresión da alianza entre os representantes do librepensamento ateo, os separatistas e as forzas marxistas sometidas á disciplina soviética que acabarán por implantar a ditadura bolxevique sobre os retallos de España.

De xeito nada excepcional, a documentación escrita deixou pegada desta estratexia de amplificación da violencia, como pode verse, por exemplo, nos sucesos acontecidos na comarca de Verín nun dos intres culminantes desa «primavera roxa» ourensá. Os feitos obxectivos foron, pouco máis ou menos, os seguintes: o día 10 de xuño, co gallo da orde de detención cursada polo gobernador civil de Ourense de varios dirixentes obreiros, declarouse a folga xeral na vía e xuntáronse varios centos de obreiros procedentes da Gudiña, Vilardevós, Soutochao, Laza e Campobecerras. Nalgunhas camionetas que prestaban servizo nas obras, varios grupos avanzaron cara Verín nunha demostración de forza que tiña por obxecto coaccionar ás autoridades para que fosen postos en liberdade os detidos que aínda permanecían no cárcere da capital do Támeiga. O grupo máis numeroso, formado por uns 400 obreiros, virou en redondo cando o capitán Juan Ros Hernández, á fronte duns vinte gardas civís, lles asegurou que os directivos estaban xa ceibes; só grupos illados procedentes de Soutochao penetraron na vila para comprobar que se cumprira o prometido. Vexamos agora algún dos parágrafos que figuran no escrito do citado capitán dirixidos á Comandancia da Garda Civil da capital provincial:

«Sobre las 19 horas confirmadas las noticias de que por la carretera de Castilla y procedente de La Gudiña, numerosos camiones cargados de obreros, marchaban a Verín y ante la gravedad de dicha situación, que de sorprender la tranquilidad de la villa, pudiera ocasionar un grupo superior a 400 hombres y otros tantos procedentes de los puestos limítrofes, Laza Vilardevós y otros conociéndose que los obreros citados están afiliados a la C.N.T. entre los que se encuentran numerosos anarquistas, en relación con elementos exaltados de ésta, los que aprovechando la confusión les sirviese de base para efectuar daños a personas determinadas y sobre todo contra la propiedad dominando la idea de robo y saqueo (...) Conseguido [calmarlos] se regresó con la fuerza a Verín sobre las 22 horas, adoptando rápidas precauciones acordonando las entradas al pueblo ante el temor de que otros grupos procedentes de Corrochouso (*sic*) y Soutochao que por otras carreteras se dirijan a la Villa con igual fin; montando servicios con fuerza de Carabineros, dominando los sitios extratéjicos (*sic*), por conocer propósitos de que trataban de cortar la luz y comunicaciones. Con auxilio del Señor Alcalde, se pidieron camiones a particulares, los que salieron al sitio donde esperaban, y con ellos marcharon a Gudiña conjurándose este peligro, quedando solamente el local, que se agudizó en los momentos en que se cortó la luz, que era una señal convenida para empezar el asalto a las casas (...) [quedando] dueños de la situación en la calle los elementos agitadores (...) [que] despidieron a grupos que en forma aislada habían

podido penetrar por la tarde dando gritos subversivos y vivas al comunismo libertario a la U.H.P. y otras frases soeces y mueras a personas ante cuyas actitudes el vecindario se encuentra temeroso de salir de sus casas, especialmente las señoras, temerosas de ser objeto de alguna irrespetuosidad, estando todos en general bajo una tensión de nerviosismo (...)»²³.

Un informe da xefatura de Falanxe de Verín permítenos concluír que, efectivamente, para un sector da poboación a percepción da situación coincidía coa que tiña o capitán da Garda Civil, pois se fala con evidente esaxeración de que «pretendieron cerca de tres mil huelguistas irrumpir en esta villa de noche manifestados en contra de la gente de orden, y para impedir el asalto el referido Sr. Ros conferenció telefónicamente con el entonces Gobernador civil para que le enviase refuerzos con que impedir la manifestación, y como tal autoridad no se los enviase, se personó en el Casino Verín, punto de reunión de las personas de orden de la Villa (...) y les manifestó que se armasen para defenderse de los (...) asaltantes, ya que él debido a que no contaba más que con seis números del Benemérito Instituto, no iba a poder contener a tanto huelguista, motivo por el que casi todas las personas de orden de la Villa se han quedado vigilantes bien en sus casas bien en la vía pública hasta altas horas de la madrugada»²⁴.

A lectura que destes feitos fai o delegado de Orde Pública nomeado polo gobernador civil para resolver esta crise, o funcionario de Investigación e Vixilancia Víctor Rico González, daquela a cargo da Inspección de Fronteiras, é radicalmente diferente e nos exime de máis comentarios respecto á estratexia de amplificación da violencia tantas veces apuntada:

«Podiera asegurarse que en esta Villa, durante los últimos días no ha existido conflicto real alguno, ni ocurrió hecho alguno que justificara medidas, que se adoptaron; lo que existió de manera efectiva, ha sido un estado de alarma, de inquietud y nerviosismo (*sic*), que no solo alcanzó al núcleo obrero, sino a todo el vecindario de la población. Parecía como si alguien tuviera especial interés en mantener este estado de cosas, contribuyendo notablemente el alarde de fuerza y movimiento de la Guardia Civil cuya actitud y más tarde la de los Carabineros, hacían suponer que algo grave ocurría. (...). [Los obreros] me han hecho saber su extrañeza, por la incierta conducta del capitán de la Guardia Civil, y el temor de que con ellas se persiguiera un fin contrario a la tranquilidad ya que ellos, en ningún momento han adoptado, actitud hostil alguna (...). A las tres de la mañana mandé retirar la mayor parte de la fuerza y a las siete el resto (...). La

23 Archivo Territorial Militar da Rexión Noroeste (ATMRN), causa 1.387/1937, fols. 36-37.

24 *Ibidem*, fol. 430a. Tamén se pode comprobar esta percepción a través da correspondencia dun mozo calvosotellista con Salgado Biempica custodiada en Salamanca e reproducida en X. Dasairas Valsa, *Crónicas rexiomontanas. O Territorio e História na Comarca de Monterrei*, Vigo, ed. do autor, 1999, p. 341. O máis significativo desta misiva non é tanto a esaxeración das cifras canto a aceptación dunha posible saída violenta como medio para controlar ás masas obreiras: «tampoco estaría mal se les dejase entrar y a los primeros darles para el pelo, así habría escarmiento y desaparecería la continua amenaza que encima nos tememos».

prueba que el único síntoma de alarma consistía en la improcedencia (sic) estancia de la Fuerza en la calle y en las órdenes y comentarios insostenibles del referido oficial es que a partir de aquel momento el pueblo se normalizó, recobró su tranquilidad (...) La serie de versiones y bulos puestos en circulación por los elementos reaccionarios, tenían como fundamento aparente el lujo de medidas adoptadas y es público que el Capitán de la Guardia Civil, mantuvo en su domicilio, distintas reuniones con personas destacadamente hostiles al Régimen. Una de ellas en la tarde de hoy, y pudiera ser que hubiera una inteligencia entre todos y el plan de alarma fuese una cosa preconcebida»²⁵.

4. CONCLUSIONES

A deslexitimación da Monarquía e a apertura dunha situación prerrevolucionaria a finais dos anos vinte resultaron decisivas, como sinala E. González Calleja, na forxa dunha concepción autenticamente orgánica da violencia como factor omnipresente nas tácticas orientadas cara posicións subversivas, insurreccionais e de loita armada. Nos anos trinta os conflitos violentos teñen un contido nidiamente político que se dirixe ó derrocamento ou á transformación radical dos diferentes réximes que se suceden. Pode afirmarse que a violencia é un fenómeno universalmente compartido dende o momento en que a práctica totalidade das forzas políticas e sociais se viron tentadas polo recurso á clandestinidade como modelo de acción e polo uso da forza como medio de execución dos seus recursos políticos. Así, asistimos á conversión da violencia política dun instrumento alternativo ou substitutivo da acción política legalista en conxunturas desfavorables a un complemento asociado, con demasiada frecuencia, á acción das masas, o que lle permite ó autor afirmar que súa «popularización» e xustificación como táctica partidista, co mesmo ou superior rango que a loita parlamentaria, provocaron o peculiar estado de crispación que caracterizou a vida política republicana²⁶.

As forzas e grupos políticos que se atopan nunha situación pouco favorable para o acceso competitivo á vida política ven na exaltación e posta en práctica dunha «cultura da violencia» un mecanismo útil que lles garante unha destacada capacidade de proxección social que doutro xeito non terían, segundo teñen apuntado diversos especialistas en contextos ben diferentes²⁷. Isto explica que sexan precisamente aquelas forzas que pugnan

25 ATMRN, causa 1.387/1937, fols. 38-39 (subliñado no orixinal). Cando Rico remite un novo informe ó gobernador civil o 18 de xuño, non dubida en afirmar que «Todo esto viene a comprobar los temores de que solo se trataba de un conflicto artificialmente creado mediante premeditación, bulos y una constante alarma mantenida por los enemigos del Régimen» (*ibidem*, fols. 40-41). Pensamos que este informe ten por obxecto enterar ó novo gobernador da situación vivida na vila, xa que Gonzalo Martín March foi designado por Decreto de 13-VI-1936 en substitución de Agustín Carrascosa e tomou posesión ó día seguinte do nomeamento (*BOPO*, 17-VI-1936, p. 1).

26 E. González Calleja, *El máuser y el sufragio. Orden público, subversión y violencia política en la crisis de la Restauración (1917-1931)*, Madrid, CSIC, 1999, pp. 638-641.

27 I. L. Horowitz, *Masses in Latin America*, Nova York, Oxford University Press, 1970, p. 17.

pola destrución do sistema as máis interesadas en crearen as condicións obxectivas que propicien o desenvolvemento das estratexias violentas. O seu éxito dependerá de moitos factores, dos que non son os menores a fortaleza e a capacidade do Estado para xogar un papel motor e regulador na transformación económico-social²⁸ e a existencia dun descontento, sexa previo e obxectivo ou inducido e representado como tal, e xa se explique por factores de privación relativa ou absoluta (disparidade entre o que se percibe que se ten e aquilo ó que se cree ter dereito)²⁹, de expectativas frustradas (disparidade entre o que se ten e o que se cría poder alcanzar) ou descendentes (temor a perder as vantaxes competitivas que se posúen no acceso a determinados recursos, especialmente se ven derivado da acción colectiva doutros grupos) ou como o produto dunha elección racional (proceso cognitivo que implica a toma da decisión de actuar despois da análise racional dos antecedentes e as consecuencias desta conduta)³⁰. En definitiva, a aparición da violencia sempre depende dunhas condicións históricas previas que cómpre analizar para captar en toda a súa intensidade a complexidade do fenómeno violento, pois é evidente que a simple competencia polos recursos non ocasiona violencia de xeito automático.

Mais non é suficiente con que a violencia se proxecte, sen máis, sobre o corpo social no que se pretende incidir. Tamén é necesario elaborar unha *teoría da violencia* para xustificar diante dos acólitos e mesmo as audiencias a súa utilización, necesidade e utilidade ó servizo dunha determinada causa. Nos discursos dos líderes e na prensa dos sectores máis radicalizados son numerosas as referencias que debuxan un ineludible escenario no que se han de enfrontar as clases antagónicas que loitan polo control do poder. Loxicamente, os que ostentan o poder non adoitan facer graciosamente concesións que supoñen unha mingua dos seus privilexios se non se lles esixen. No caso español –e, por suposto, galego e ourensán– non houbo unha elaboración doutrinal rigorosa e explícita dos medios, instrumentos e obxectivos a alcanzar coa utilización da violencia, pero si pode falarse dunha ampla aceptación da mesma como un elemento instrumental ó servizo da transformación

28 Vid. a análise de B. de Riquer sobre a debilidade da nacionalización e a ineficacia do Estado español contemporáneo, que debe ser considerada como un elemento fundamental a ter en conta para explicar a frecuencia do recurso a violencia (B. de Riquer, «La débil nacionalización española del siglo XIX», en *Historia Social*, Valencia, nº 20, 1994, pp. 97-114). J. Aróstegui completa esta perspectiva cando aplica o esquema de Riquer, pensado para os nacionalismos peninsulares, a un Estado que fracasou na fluída transmisión e recepción dos impulsos de «arriba-abaxo»; neste senso conclúe que, «na medida en que un sistema político satisfai menos as necesidades da organización social no seu conxunto, non reflicte aspiracións colectivas (o que non exclúe a preeminencia de aspiracións de certas clases sociais) ou manifesta unha ineficacia recusable, as posibilidades de desenvolvemento de movementos de violencia acentúanse. Dito de forma máis directa: a inadecuación mutua entre Estado e sociedade civil é unha de las fontes máis comúns dos movementos sociais violentos» (cfr. J. Aróstegui, «La especificación de lo genérico: la violencia política en perspectiva histórica», *Sistema*, 132-133, Madrid, 1996, pp. 32-33).

29 Vid o clásico estudio de T. R. Gurr, *Why men rebel?*, Princeton, Princeton University Press, 1970, pp. 12-13; cit en F. J. Grossi Queipo, «La violencia política en perspectiva para el control del poder y el Estado», *REIPS*, vol. 1, nº 0, 1998, p. 4.

30 Vid., por exemplo, a síntese desta interpretación realizada por E. Weede, «Rebelión y transferencias de poder en la sociedad: un análisis desde el enfoque de la elección racional», *Sistema*, 132-133, Madrid, 1996, en esp. pp. 178 e ss.

sociopolítica³¹. E tamén, diríamos, como un elemento comunicativo de primeira orde co que se quere transmitir unha mensaxe explícita fronte ó grupo ou grupos competidores. Para moitos, en efecto, as solucións de carácter violento eran unha alternativa que en nada desmerecía ás furnas. Incluso, dende o punto de vista moral, non estaba nada claro que o voto, que en moitas zonas permanecía preso dos intereses caciquís, tivese que prevalecer sobre o acadado pola forza. Falanxe Española, os anarcosindicalistas –especialmente a FAI–, as xuventudes comunistas e socialistas e o Requeté tradicionalista –que na Galicia de anteguerra carecía de medios e de afiliados para facer realmente efectiva na rúa a súa verborrea insurreccionalista– foron os máis proclives a profundar nas posibilidades que ofrecía este camiño para a conquista do poder. En realidade, acudir á violencia para transformar o mundo era, como sinala Santos Juliá, unha actitude cotiá entre os xoves de todo o espectro político español a principios dos anos trinta³².

A teoría, unha vez politizado o descontento, identificados os obxectivos contra os que dirixir a acción violenta, calibrada a dispoñibilidade de mobilización de recursos e resolta a matriz custes/beneficios en favor destes últimos, debe materializarse nunha serie de instrumentos susceptibles de proporcionar ós actores esa presenza social relevante. Importa menos que a magnitude desa «presenza» sexa ou non *real*; o esencial é que sexa *efectiva*, e para iso basta con que sexa adecuadamente percibida polos destinatarios da mensaxe. Entre estes instrumentos cabe facer referencia á adopción dunha linguaxe, unha simboloxía e mesmo un espírito que sirva para identificar ós membros do grupo ó tempo que os diferencia nidiamente do rival.

Os datos cuantitativos axudan a medir a intensidade concreta da violencia e facilitan o labor de establecer comparacións entre diversos períodos ou etapas, mais non permiten medir a súa proxección efectiva sobre un espazo e un tempo determinados. Entre outras cousas, porque non teñen en conta a existencia ou non de estratexias orientadas cara a construción e a recreación dunha imaxe destinada a axigantar os seus efectos diante dos seus potenciais destinatarios, como aconteceu tras a vitoria electoral das esquerdas en febreiro de 1936. O amplo espectro dereitista que non aceptou a derrota e apostou, como tantas outras veces, polo Exército como supremo árbitro da contenda foi o que sacou maior partido do recurso á violencia política; tanto da que el mesmo alentaba e practicaba como da que excitaban e ensaiaban os seus rivais máis radicalizados. E fíxoo, sobre todo, porque conseguiu que unha parte substancial das masas neutras identificasen como principais responsables do caos e a anarquía ás forzas obreiras, e non só ás propiamente revolucionarias, senón tamén ós grupos reformistas e republicanos. De aí á inhibición ou ó apoio máis ou menos difuso á acción cirúrxica que, agora de xeito practicamente unánime, esa mesma dereita patrocinaba quedaba menos camiño que percorrer. O sangue derramado faría o resto.

31 E. González Calleja, «La violencia política y la crisis de la Democracia republicana (1931-1936)», *Hispania Nova*, maio 1998.

32 S. Juliá, «Introducción: Violencia política en España. ¿Fin de una larga historia?», en S. Juliá (dir.), p. 11.